

Mércores, 12 de abril de 2023

Núm. 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Recadación

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE CUOTAS DE AXUDA DOMICILIARIA DO MES DE FEBREIRO 2023

EDICTO DE APROBACION DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. FEBREIRO 2023.

En data 30 de Marzo do 2023, o Alcalde vén de ditar a seguinte resolución:

Vista a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Caldas de Reis, publicada no BOP nº 210, do 31 de outubro do 2013.

Visto o informe emitido polo servizo, que detalla a relación de persoas usuarias, e os importes a abonar por cada unha delas en relación ao período considerado, tanto na modalidade de dependencia, como na de libre concorrencia.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

Primeiro.- APROBAR OS PADRÓNS MENSUAIS da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes indicado, nas modalidades de dependencia e libre concorrencia, que responden ao seguinte resumo:

Dependencia.

<i>Nº de liquidacións</i>	54
<i>Importe total</i>	5.058,28 €

Libre concorrencia.

<i>Nº de liquidacións</i>	17
<i>Importe total</i>	816,22 €

Segundo.- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, EXPOÑER AO PÚBLICO OS PADRÓNS APROBADOS, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello,



Mércores, 12 de abril de 2023

Núm. 70

POR UN PERÍODO DE 20 DÍAS dende a publicación, para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. Conforme ao disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, esta publicación servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria,

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza será de DOUS MESES dende a publicación do presente edicto. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

Lugar de ingreso e modalidade de cobro: mediante domiciliación bancaria. Os recibos serán cargados dentro dos cinco primeiros días do período voluntario de cobranza.

Terceiro.- Contra as liquidacións, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, segundo o establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de acordo co disposto no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate do período de exposición pública do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

Caldas de Reis, á data da sinatura dixital

O alcalde

